TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	O inicio do curso e durante todo o curso	Manexa o sistema operativo a nivel de traballo con distintas aplicacións de ofimática deseño gráfico e programas de simulación, ademais da organización da información. Manexa a plataforma EDIXGAL para la entrega de tarefas Manexa o correo electrónico adecuadamente para a entrega de tarefas.	-Prácticas de informática
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todo o curso	Coida os equipos informáticos, sen realizar ningunha manipulación non autorizada polo profesor.	-Prácticas de informática.
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos	Todo o curso	Participa activamente na presentación dos	Documentación do proxecto técnico:

con equipamentos informáticos.		proxectos, unha vez realizados correctamente, xunto co seu grupo	Memoria dos proxectos incluídos planos, planes de traballo, anexos, etc.
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	3 sesións aula informática (xuño)	Coñece as instrucións básicas dun entorno de programación de uso didáctico e aplícaa á realización de programas sinxelos	Prácticas co ordenador utilizando software específico.

3º ESO

A materia en 3º de ESO artículase nos 5 bloques seguintes:

- Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos
- Bloque 2. Expresión e comunicación técnica
- Bloque 3. Materiais de uso técnico
- Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control
- Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación

Estes bloques concréntanse nos seguintes estándares de aprendizaxe, de xeito que os estándares 1.1, 1.2 ... corresponden ó Bloque 1, os 2.1, 2.2... ó Bloque 2 e así sucesivamente.

Engádense ao principio da programación de 3º da ESO deste curso os dous estándares de aprendizaxe correspondentes a 2º da ESO considerados imprescindibles e que non puideron impartirse durante o pasado curso debido á interrupción das clases.

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	2 semanas/4 sesións (setembro-outubro)	Identifica mecanismos sinxelos e describe as transmisións/transformacións de movemento que levan a cabo	-Probas escritas -Exercicios de clase (caderno, preguntas orais)
Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes	3 semanas/6 sesións (outubro)	Realiza cálculos básicos de velocidades, relacións de transmisión e forzas en mecanismos sinxelos	-Probas escritas -Exercicios de clase (caderno, preguntas orais)
1.1 Deseña un prototipo que	1º trimestre	Aporta ideas, investiga e	Plan de traballo do

dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	(6 sesións novembro-decembro, 1 sesión semanal)	elabora a documentación (planos, listas de ferramentas e materiais, folia de proceso...).	proxecto técnico que deberá presentarse por escrito, en papel e/ou arquivos informáticos.
1.2 Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.		Presenta a documentación dentro do prazo establecido	Plan de traballo do proxecto técnico que deberá presentarse por escrito, en papel e/ou arquivos informáticos.
1.3 Constrúe un prototipo que da solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Decembro-maio (1 sesión práctica á semana)	Realiza normalmente as tarefas asignadas para a construción do prototipo	Observación da evolución do traballo de construción Maqueta do proxecto: Avaliación da súa funcionalidade, acabado e orixinalidade.
1.4 Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Todo o curso	Realiza as actividades propostas en colaboración co seu grupo	-Traballo colaborativo en varias fases dos traballos prácticos, actividades en liña colaborativas. -Documentación traballos prácticos -Exercicios en liña
2.1 Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	Novembro-maio	A maqueta execútase nos seus aspectos esenciais conforme ós planos presentados.	Documentación do proxecto/práctica: Planos Maqueta do proxecto/práctica: Avaliación da súa correspondencia cos planos presentados
2.2 Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Novembro-maio	Utiliza programas específicos para a elaboración da documentación do prototipo	Informe / memoria final do traballo práctico
3.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	6 sesións novembro - decembro	Clasifica obxectos da vida cotiá segundo os materiais plásticos e de construción e identifica as aplicacións posibles de cada material en función das súas propiedades	-Probas escritas -Exercicios de clase (caderno, preguntas orais) -Traballos, exposicións, presentacións multimedia
3.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.		Coñece as técnicas e ensaios empregados para determinar as principais propiedades mecánicas dos materiais	-Probas escritas -Exercicios de clase (caderno, preguntas orais) -Traballos, exposicións, presentacións multimedia
4.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a	2 sesións (xaneiro)	Identifica e describe as máquinas que	-Probas escritas -Exercicios de clase

súa conversión.		transforman a enerxía eléctrica noutras formas de enerxía e os fenómenos físicos implicados.	(caderno, preguntas orais)
4.2. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuítos básicos	2 sesións (maio)	Sabe usar o polímetro para medir tensión, intensidade e resistencia en circuitos de corrente continua	Práctica de medidas co polímetro, documentación da práctica
4.3. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos.	9 sesións (xaneiro-marzo)	Calcula tensións, intensidades, resistencias, potencia e consumos de enerxía en circuitos con resistencias en serie, paralelo ou mixtos	-Probas escritas -E exercicios de clase (caderno, preguntas orais)
4.4. Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	6 sesións (Abril-maio)	Interpreta esquemas eléctricos e monta circuitos con componentes físicos, seguindo as indicacións do profesor.	-Probas escritas -E exercicios de clase (cadernos, preguntas orais) -Maqueta proxecto técnico
4.5. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	6 sesións (abril-maio)	Interpreta esquemas eléctricos e monta circuitos a partir dos mesmos en simuladores informáticos	-Prácticas en ordenador persoal
4.6. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	Xuño (2 semanas, 4 sesións)	Usa unha linguaxe de programación visual como Scratch para realizar un programa que controle os movementos dun obxecto en pantalla ou dun robot	-Prácticas en ordenador persoal
5.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	2 sesións (maio)	Distingue as partes básicas dun ordenador de sobremesa, as súas funcións e as súas conexións.	-Probas escritas
5.2. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	Todo o curso	Utiliza Internet para procura e intercambio de información	-Produccións dixitais
5.3. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Todo o curso	Coñece as medidas básicas de seguridade en canto a software anti-malware, actualizacións, navegación segura e protección da privacidade na rede.	-Probas escritas -Produccións dixitais
5.4. Instala e manexa programas e software básicos.	Todo o curso	Manexa o sistema operativo a nivel de	-Produccións dixitais

		traballo e instalación de distintas aplicacións de ofimática, deseño gráfico e programas de simulación, ademais da organización da información	
5.5 Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todo o curso	Coida os equipos informáticos, sen realizar ningunha manipulación non autorizada polo profesor.	-Produccións dixitais
5.6 Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Novembro-maio	Participa activamente na presentación dos proxectos, unha vez realizados correctamente	-Produccións dixitais

4º ESO

Os bloques impartiranse na seguinte orde: 2, 3, 1, 4, 5 e 6.

Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación (3 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	2º	Describe as características das redes cableadas e as redes inalámbricas e a partir delas deduce as súas vantaxes e inconvenientes empregando unha linguaxe apropiada.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	2º	Describe as distintas maneiras en que se conectan distintos dispositivos, e relaciónaa coa súa aplicación na vida cotiá e valora a mellora que supoñen.	-Probas escritas -Exercicios de clase -Exposición de traballos
§ TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	2º	Utiliza Internet de modo responsable para publicar información e engade arquivos multimedia. Recoñece que un proxecto require un proceso de elaboración, traballa de forma autónoma, tomando as súas propias decisións e adaptando o proceso de traballo ante o proxecto exposto.	-Exercicios na aula de informática. -Envío de traballos e exercicios a través de plataformas dixitais

§ TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	2º	Nomea as medidas necesarias para mellorar a seguridade das redes inalámbricas e explícaas correctamente.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	2º	Resolve problemas empregando un programa sinxelo desenvolvido por eles.	-Observación do traballo do alumno na aula de informática. -Exercicios de clase
§ TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.	2º	Mostra interese polo uso das TIC de modo responsable para buscar información sobre temas tratados na unidade, extrae conclusións sobre o visto e elabora hipóteses.	-Observación do traballo na aula de informática.

Bloque 2. Instalacións en vivendas (6 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	1º	Recoñece as instalacións dunha vivenda e é capaz de explicar o seu funcionamento cunha linguaxe axeitada.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	1º	Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda empregando unha linguaxe axeitada.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	1º	Realiza deseños sinxelos empregando a simboloxía adecuada de instalacións eléctricas e de abastecemento de auga quente sanitaria para unha vivenda.	-Probas escritas. -Documentos da práctica/proxecto. -Exercicios de clase
§ TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	1º	Fai uso das TICs para deseñar unha instalación con criterios de eficiencia enerxética.	-Probas escritas. -Exercicios de clase -Documentos da práctica/proxecto. -Observación do traballo do alumno na aula de informática.
§ TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.	1º	Realiza montaxes de circuitos básicos da instalación eléctrica dunha vivenda, interpretando correctamente os esquemas	- Observación sistemática dos traballos prácticos.
§ TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	1º	Recoñece a importancia e a necesidade de aforrar enerxía e propón medidas que a	-Probas escritas. -Exercicios de clase

		arquitectura pode aplicar no deseño das instalacións.	
--	--	---	--

Bloque 3. Electrónica (8 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	1º,2º	Describe o funcionamento de determinados circuítos electrónicos e é capaz de elaborar esquemas para apoiar as súas explicacións.	-Probas escritas. -Documentos de prácticas
§ TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	1º,2º	Identifica os compoñentes básicos dos circuítos electrónicos (resistencia, condensador, diodo e transistor) e describe o seu funcionamento. É capaz de elixir a resistencia adecuada a cada tipo de circuíto	-Probas escritas. -Documentos de prácticas -E exercicios de clase.
§ TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	1º,2º	Utiliza software simulador de circuítos para cambiar os compoñentes dos circuítos que está a deseñar.	-Observación do traballo na aula de informática. - Documentos de prácticas
§ TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.	1º, 2º	Realiza a montaxe dun circuíto electrónico e fai comprobacións sobre o seu funcionamento.	-Observación sistemática dos traballos prácticos.
§ TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	2º	Resolve correctamente problemas sobre lóxica proposicional e teoría de conxuntos aplicando o álgebra de Boole e interpreta os resultados en función da formulación.	-Probas escritas. -E exercicios de clase
§ TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	2º	Utiliza a lóxica binaria para expor e resolver correctamente problemas tecnolóxicos sinxelos.	-Probas escritas. -E exercicios de clase
§ TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	2º	Calcula e resolve problemas tecnolóxicos sinxelos utilizando portas lóxicas.	-Probas escritas. -E exercicios de clase

Bloque 4. Control e robótica (8 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	3º	Recoñece e describe distintos sistemas de control (computación física, entradas, proceso, saídas) e identifica magnitudes físicas de carácter analóxico.	-Probas escritas -Exercicios de clase
§ TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	3º	Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos sinxelos.	-Probas escritas -Exercicios de clase
§ TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.	3º	Constrúe e diseña controis automáticos	-Observación sistemática do traballo. -Documentos de prácticas/proxectos. -Exercicios de clase
§ TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	2º	Desenvolve e modifica programas para controlar un robot explica os procesos que seguiu cunha linguaxe adecuada.	-Observación do traballo do alumno. -Documentos de prácticas-proxectos -Probas escritas

Bloque 5. Neumática e hidráulica (5 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	3º	Recoñece e describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática cunha linguaxe adecuada.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	3º	Describe as características e ou funcionamento deste tipo de sistemas empregando un linguaxe axeitado.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.	3º	Emprega a simboloxía e nomenclatura para representar a posición de repouso e de traballo das válvulas nos sistemas hidráulicos e pneumáticos e para deseñar un circuito pneumático de control.	-Probas escritas -Exercicios de clase
§ TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes	3º	Utiliza simuladores para simular o funcionamento de sinxelos circuitos pneumáticos	-Probas escritas -Exercicios de clase

reais ou mediante simulación.		e hidráulicos.	-Observación do traballo do alumno na aula de informática.
-------------------------------	--	----------------	--

Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade (3 semanas)

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (trimestre)	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
§ TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	3º	Identifica e ordena cronoloxicamente importantes inventos e descubrimentos ao longo da historia.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	3º	Analiza obxectos técnicos, identifica as particularidades de cada un deles e analiza a súa evolución; relaciónaos coa súa aplicación na vida cotiá.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionados inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	3º	Valora a importancia dos inventos e descubrimentos no contexto no que se desenvolven e o seu impacto na historia.	-Probas escritas. -Exercicios de clase
§ TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	3º	Interpreta a evolución dos inventos e as súas implicacións; busca información en diversas fontes para apoiar os seus argumentos. Expresa un xuízo crítico sobre as consecuencias dos inventos e descubrimentos utilizando unha linguaxe adecuada.	-Probas escritas. -Exercicios de clase

1.4 Concrecións metodolóxicas

En cada unidade farase unha avaliación inicial que nos indique o punto de partida e permita detectar carencias iniciais no alumnado. Dita avaliación inicial poderase facer de forma escrita ou simplemente oral, facéndolle ao alumnado varias preguntas relacionadas co tema. Posteriormente irase avanzando dende o máis concreto ata o máis abstracto. Debido á particularidade da materia, debemos distinguir o que sería unha parte máis teórica ou conceptual ata unha parte fundamentalmente manipulativa. Estas partes non actuarán como compartimentos estancos, senón que se complementarán e unha delas servirá a apoio de outra; así pois a parte teórica, na que se utilizarán varios métodos: explicación por parte do profesorado, realización de

exercicios, utilización de internet... será complementada polos traballos prácticos.

Durante este curso, debido á situación de pandemia, non podemos dispoñer da aula obradoiro. Resulta imposible subsanar plenamente esta carencia, sobre todo no que respecta á fase de construción en equipos de traballo.

Evitaráse, na medida do posible, o traballo que supoña manipulación e uso de materiais e ferramentas conxunto e fomentaráse o uso das ferramentas telemáticas para que en caso de gromos no grupo a transición a unha formación online sexa o menos brusca posible.

Os alumnos realizarán prácticas e/ou proxectos na casa, dentro do posible, utilizando materiais, ferramentas e operadores ffacilmente accesibles para eles. As prácticas/proxectos feitas na casa serán adaptadas para que o alumno poda facelas facilmente seguindo as instrucións dadas polo profesor. Adicaranse horas específicas na aula a explicar ditas prácticas, e a facilitar o traballo e resolución de dúbidas. En concreto, unha das horas semanais durante os períodos de realización de ditas prácticas. Tamén se incidirá, en maior medida que en cursos anteriores, no uso de software de simulación.

O rexistro de tales prácticas/proxectos será realizado polo alumno/a mediante documentación escrita, arquivo informático ou vídeo ilustrativo, segundo corresponda.

- Para **segundo curso** realizarase un proxecto por trimestre. **No primeiro trimestre: Construción de pezas 3D en papel. Segundo trimestre: Rasqueta de madeira. Terceiro trimestre: Estructura móvil.**

- En **terceiro curso** realizaranse prácticas/proxectos que impliquen a montaxe de mecanismos de transmisión e transformación de movementos e circuitos electrónicos.

- En **cuarto curso** realizaranse prácticas/proxectos que impliquen a montaxe de circuitos eléctricos e electrónicos, e **traballarase con robots**, xa que podemos dispoñer dun equipo por alumno.

1.5 Materiais e recursos didácticos.

Utilizaranse os seguintes libros de texto:

2º de ESO: ***Libro dixital E-dixgal***

3º de ESO: ***“Tecnología 3. Inicia Dual”. Ed. Oxford. ISBN: 9788467351750***

4º de ESO: ***“Tecnología 4º ESO. Construye”. Editorial Santillana. ISBN: 9788468030197***

Na aula de informática contamos con ordenadores con conexión a Internet para os grupos de 3º e 4º da ESO. Tamén dispón dun proxector. Os alumnos de 2º da ESO dispoñen dos ordenadores Edixgal.

Nas aulas de referencia de cada grupo contamos con ordenador para o profesor e proxector, o que nos permite tanto utilizar presentacións dixitais como material didáctico, como que os alumnos realicen as presentacións que poderán propoñerse como traballos ó longo do curso.

1.6 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Como procedementos e instrumentos de avaliación, tal e como figura nos cadros do punto 1.3, utilizaranse as probas escritas, a observación do traballo, avaliación dos proxectos e prácticas realizados (maquetas e memoria técnica), de traballos escritos (en papel ou en arquivos informáticos) e presentacións multimedia que se poden propoñer ós alumnos ó longo do curso, e o caderno de traballo.

As probas escritas poderán realizarse en ordenador ou en papel. O caderno de traballo poderá avaliarse solicitando ao alumno un arquivo dixital cos seus contidos. Para a presentación dos proxectos poderán utilizarse arquivos informáticos con documentación escrita, imaxes e vídeos.

Para a valoración dos proxectos terase en conta: a solución técnica aportada e a súa funcionalidade, a orixinalidade, a estética e o acabado, ademais da documentación correspondente.

1.6.2 Criterios de cualificación

A avaliación faise ao longo da primeira, segunda e terceira avaliación do curso e permitirá obter as notas que figurarán na folla de cualificacións do alumno.

A avaliación basearase **en 1) probas escritas, 2) traballos prácticos e 3) traballo diario/actitude do alumno na clase en cada avaliación.**

Para que a avaliación sexa positiva deberanse cumprir os dous requisitos seguintes: 1º) Alcanzar un mínimo de 4,00 en cada un dos 3 apartados sinalados no parágrafo anterior 2º) unha vez alcanzado este mínimo realízase a media ponderada das notas obtidas en cada concepto. Se nalgún dos conceptos non se alcanza o mínimo de 4,00 e/ou na media ponderada non se alcanza o valor numérico de 5,00 a avaliación continua será negativa e o valor numérico máximo que figurará na folla de cualificacións para esa avaliación será de 4 puntos. **Se o valor é un número igual ou superior a 5,00 a avaliación é positiva.**

A media ponderada farase do seguinte xeito:

- **As probas escritas** (mínimo unha por trimestre) **constituirán un 50 % da nota.** Para a avaliación de

algún dos estándares, tal e como se sinala en 1.3, poderase propor a realización de tarefas específicas que substitúan ás probas escritas. Non superarán a materia aqueles alumnos que non alcancen unha **cualificación mínima de 4,00 na media das probas dese trimestre.**

- A valoración dos proxectos técnicos e/ou prácticas constituirá un **30 % da nota.** Mínimo de 4,00 en cada avaliación para superar a materia.

- A **valoración do traballo diario de aula, participación constituirá un 20 % da nota.** Mínimo de 4,00 en cada avaliación para superar a materia.

Este 20% de nota de clase determinarase en base ós seguintes criterios:

Para acadar unha calificación de clase de notable (7-8,5) é necesario cumprir **as condicións** seguintes:

- Traer sempre feitos os deberes.
- Realizar tódolos traballos de clase e atender ás explicacións.
- Ter o caderno de clase ó día con boa presentación.
- Traer sempre o material necesario a clase.

Para unha calificación de sobresaínte (9-10), ademais das condicións anteriores é necesario:

- Demostrar un nivel excelente na realización dos traballos de clase e dos deberes.
- Participar activamente na clase demostrando interese pola materia.
- Actitude e comportamento excelentes en todo momento.

Cada un dos seguintes supostos resta 1 punto de nota de clase, partindo de 7:

- Falta de comportamento grave, con amonestación escrita.
- 2 faltas de comportamento leves rexistradas polo profesor, sen amonestación escrita (cada unha resta 0,5 puntos).
- Cada día con deberes sen facer.
- Cada día que o alumno non traballe en clase.

O profesor poderá revisar o caderno do alumno cando considere oportuno. Valorarase que estea completo (tódalas actividades feitas), correcto (actividades realizadas correctamente e corrixidas no seu caso), e boa presentación.

- Caderno incompleto: Restará 2 puntos á nota de clase como máximo.
- Actividades incorrectas: Restará 1 punto á nota de clase como máximo.
- Mala presentación, desorde: Restará 1 punto á nota de clase como máximo.

AVALIACIÓN ORDINARIA DE XUÑO:

Para obter cualificación positiva en xuño o alumno debe ter cualificación positiva nas 3 avaliacións, e a nota obtense da media aritmética das tres.

Os alumnos que non teñan cualificación positiva contarán cunha **proba de recuperación en xuño** dos trimestres non superados. A calificación mínima na proba de tódolos trimestres non superados deberá ser de 5,00 para que a avaliación sexa positiva.

Para os alumnos que superen trimestres na proba de recuperación, ditos trimestres puntuaranse cun 5 á hora de realizar a media ponderada e calcular a nota final de xuño.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO:

A **proba de setembro** será única, de toda a materia, e deberá obterse un 5,00 como mínimo na para que a avaliación sexa positiva.

1.7 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

Co propósito de mellorar continuamente, consideraremos:

- En canto á planificación e ás actividades: nivel de dificultade ben axustado ou non, relevancia no proceso de aprendizaxe interés despertado, temporización realista.
- En canto ós materiais e recursos utilizados: se resultan atractivos para os alumnos e suficientes.
- Grao de participación e implicación dos alumnos na clase.
- Eficacia das medidas de atención á diversidade.
- Inclusión dos temas transversais.
- Comunicación coas familias satisfactoria.

1.8 Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

1.8.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Proporase ó alumnado un plan de traballo para facilitarlle a consecución dos mínimos esixibles (que serán os establecidos para os cursos correspondentes) e a consecuente superación da materia pendente do curso ou cursos anteriores.

Ademais dunha proba final en xuño, o alumnado realizará traballos e exercicios que versarán sobre os contidos do curso correspondente e que serán propostos con suficiente antelación. Poderase pedir a presentación online de ditas actividades. Deberán ser entregados en cada trimestre nas datas límite marcadas e para a súa realización poderán solicitar axuda ao profesorado e obter información de diversas fontes.

1.8.2 Criterios de cualificación

No caso de que os alumnos entreguen puntualmente cada trimestre tódolos traballos e exercicios propostos, cualificaranse as sucesivas avaliacións cun 5 sobre 10.

A nota final de xuño corresponderá á cualificación da proba final que se realizará, máis 1 punto no caso de ter cualificación positiva en tódolos traballos trimestrais.

É dicir, **se tódolos traballos trimestrais foron cualificados positivamente considerárase superada a materia cun 4,00 sobre 10 na proba final, en caso contrario a cualificación mínima da proba final deberá ser como mínimo de 5,00 sobre 10 para superar a materia.**

Criterio de cualificación dos traballos trimestrais:

Para obter unha cualificación positiva (5), **tódolos exercicios ou tarefas deberán estar feitos. Non se admitirán exercicios en branco ou claramente incompletos.** Ademais, para consideralos superados, como mínimo **un 50% dos exercicios, tarefas ou problemas deberán estar correctamente realizados.**

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO:

A **proba de setembro** será única, de toda a materia, e deberá obterse un 5,00 como mínimo na para que a avaliación sexa positiva.

1.9 Deseño da avaliación inicial. Medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos resultados.

Durante as primeiras 4-5 semanas de curso previas á sesión de avaliación inicial, levaranse a cabo actividades variadas na clase nas que se traballarán os estándares establecidos para esas semanas no epígrafe 1.3 desta programación. Polo tanto, traballaranse en maior ou menor medida tódalas competencias clave. A información relevante deducida desas actividades en relación ás competencias será recollida por escrito para cada alumno e posta en común na devandita sesión.

Como consecuencia da información recollida poderán proporcionarse materiais de reforzo a algúns alumnos, axustar a metodoloxía e a temporización.

1.10 Medidas de atención á diversidade.

É esta unha materia que se presta de forma especial para dar resposta ó alumnado de diferentes capacidades e intereses. Tratarase sempre de potenciar as capacidades intrínsecas do mesmo, de tal xeito que o alumnado que presente dificultades na adquisición de conceptos pero teña unha maior destreza a nivel manipulativo poda utilizar esta para superar os atrancos que a primeira lles plantexa. O profesorado proporcionará materiais de reforzo que permitan ó alumnado que non acade os obxectivos nun primeiro momento teña a oportunidade de ilos recuperando e tratará de adaptarse ó xeito de aprendizaxe dos diferentes alumnos.

1.11 Concreción dos elementos transversais

A **comprensión lectora**, ademais de traballarse de forma cotiá na aula, reforzase coa participación no **Proxecto Lector** do centro. Fomentarase o hábito da lectura como medio de adquisición de información, desenvolvemento das capacidades intelectuais e fonte de esparcemento.

No tempo dedicado á lectura proporánse diversos textos de carácter científico-técnico, e tamén se poderá plantexar a realización de cuestionarios para comprobar a comprensión, que poderán ser tidos en conta para a nota, conforme ó epígrafe 1.6.2.

As **Tecnoloxías de Información e da Comunicación** non constitúen, obviamente, un mero elemento transversal en Tecnoloxía, sendo unha parte fundamental na materia tal como se aprecia na concreción dos estándares de aprendizaxe.

A metodoloxía de proxectos propia da Tecnoloxía fomenta de xeito particular o **carácter emprendedor** dos alumnos, ó plantexar unha tarefa complexa a realizar cunhas limitacións temporais e materiais concretas. O feito de traballar en equipo para a súa realización, e que a integración e coordinación do equipo sexan consideradas elementos fundamentais a avaliar, convérteo nunha excelente oportunidade de exercitar os **valores constitucionais e cívicos**, a tolerancia e o respecto mutuo.

1.12 Actividades complementarias e extraescolares.

Neste curso a visita á empresa Esypro realizada durante os últimos anos para o alumnado de 2º da ESO cun resultado moi satisfactorio, probablemente non poderá realizarse pola situación sanitaria. Sen embargo, mantémola como posibilidade por se nalgún momento ao longo do curso se pode levar a cabo.

1.13. Medidas a tomar no caso de interrupción das clases presenciais.

A principio de curso formarase aos alumnos no uso das plataformas virtuais e realizarán actividades para habituarse a elas. Practicarase a dinámica de traballo con ditas plataformas que se utilizaría no caso de suspensión do ensino presencial.

As probas escritas, tal e como se indica no apartado de procedementos e instrumentos de avaliación, realizaríanse online en caso de necesidade, así como a titorización dos traballos prácticos que, debido a non poder dispoñer da aula-obradoiro, xa serán realizados principalmente na casa polo alumnado.

2. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Avaliaranse:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que

se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

3. Información ao alumnado

No calendario escolar para o curso establécese que *“Ao inicio de curso, o profesor ou profesora responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo na educación infantil e o titor ou titora de curso elaborará a información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións didácticas da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o seu grao mínimo de consecución para superar a materia.”*

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos, ao conxunto da comunidade educativa, e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

3. Preséntase un modelo estandarizado de información da materia na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

0. **Introdución e contextualización da programación**

Esta programación baséase no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é transmitirles aos alumnos os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, científico e tecnolóxico; afianzar neles hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades; formalos para que asuman os seus deberes e exerzan os seus dereitos, e preparalos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.

Os métodos para a Educación Secundaria Obrigatoria deben adaptarse ás características dos alumnos, favorecer a capacidade para aprenderen por si mesmos, para traballar en equipo e resolver problemas. Estes métodos deben integrar, ademais, os recursos das tecnoloxías da información na aprendizaxe, e iniciar os alumnos no coñecemento e na aplicación dos métodos científicos.

O IES Terra de Turonio é un centro educativo situado no centro urbano de Gondomar que recolle alumnado procedente de centros de primaria ubicados en tres parroquias da contorna periurbana deste concello. Existen diferencias moi sustanciais entre o alumnado do noso centro en canto a nivel de uso e familiarización coas TIC.

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a

capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicacións cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

A materia Tecnoloxías da Información e da Comunicación foi incluída no Proxecto Plurilingüe do centro para ser impartida en inglés a partir do pasado curso 2018-19.

A situación xerada pola pandemia aumenta a importancia da formación nas TIC.

<p>1. Nome da materia: Tecnoloxías da Información e da Comunicación Curso: 4º ESO Profesor: Ángel Rivera Arias</p>

1.1. Contribución ao desenvolvemento das Competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Estándar de aprendizaxe	Competencias que desenvolve
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CSC
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT.
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CSC

<p>autoría e materiais de libre distribución.</p>	<p>☒ CCEC</p>
<p>TICB2.1.1. Realiza operación básicas de organización e almacenamento da información.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CAA</p>
<p>TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p>
<p>TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CAA</p>
<p>TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p>
<p>TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p>
<p>TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CCL</p>
<p>TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas,</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CCL</p> <p>☒ CAA</p>

<p>gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.</p>	<p>☒ CSIEE</p> <p>☒ CCEC</p>
<p>TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CCL</p> <p>☒ CSIEE</p>
<p>TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CAA</p> <p>☒ CSIEE</p>
<p>TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CCL</p> <p>☒ CAA</p> <p>☒ CSIEE</p> <p>☒ CCEC</p> <p>☒ CSC</p>
<p>TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT.</p> <p>☒ CCL</p> <p>☒ CAA</p> <p>☒ CSIEE</p>
<p>TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio</p>	<p>☒ CD</p> <p>☒ CMCCT</p>

de información entre eles.	
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT.
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CCEC
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA

	<input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CSC
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CSIEE
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT.
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CMCCT. <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC

1.2. Obxectivos xerais de curso

- Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.

- Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable
- Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.
- Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.
- Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral
- Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.
- Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.
- Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.
- Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.
- Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.
- Adoptar condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información
- Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.
- Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.
- Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.
- Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.
- Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.
- Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.

1.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

A materia artículase nos 6 bloques seguintes:

- Bloque 1. Ética e estética na interacción na rede
- Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes
- Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital
- Bloque 4. Seguridade informática
- Bloque 5. Publicación e difusión de contidos
- Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión

Os bloques abordaranse na seguinte orde:

Bloque 2, bloque 4, bloque 3, bloque 5, bloque 6.

O bloque 1 é transversal, durante todo o curso se utilizará a rede como ferramenta, e traballarase máis especificamente xunto co bloque 5.

- Bloques 2 e 4 : 1º trimestre.

- Bloque 3: 2º trimestre.

- Bloques 5 e 6: 3º trimestre.

Estándar de aprendizaxe	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Todo o curso	Entende o funcionamento básico da Rede e a necesidade de manter determinados hábitos para preservar a privacidade, a seguridade e os dereitos de tódolos usuarios	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.		Coñece as condicións de seguridade de contrasinais e aplícaas de xeito adecuado	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre		É capaz de utilizar distintas opcións para almacenar, compartir e intercambiar	-Observación sistemática -Exercicios e

conceptos como a propiedade e o intercambio de información.		contidos na Rede, e respecta os dereitos de autoría cando incorpora recursos da Rede ós seus traballos	produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web		Coñece os métodos de identificación na Rede, o funcionamento do comercio electrónico, así como as técnicas habituais de fraude e aplica as precaucións necesarias para protexerse contra elas	-Observación sistemática -Exercicios e produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	1 sesión (dentro do bloque 5, 3º trimestre)	Coñece os tipos de licenzas de software e contidos, e respecta os dereitos de autoría	-Exercicios e produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Todo o curso 2 sesións específicas dentro do bloque 2 (outubro)	Organiza adecuadamente as súas produccións dixitais nos distintos dispositivos físicos e servizos de almacenamento na nube que utiliza	-Observación sistemática -Exercicios e produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	2 semanas (outubro)	Distingue as funcións específicas dun sistema operativo e sabe utilizar as principais opcións de configuración. Coñece as diferenzas entre os principais sistemas operativos utilizados na actualidade en ordenadores de sobremesa/portátiles e dispositivos móbiles	-Exercicios e produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.		Coñece o funcionamento das principais ferramentas de mantemento e as necesidades de actualización, así como a instalación/desinstalación de programas	-Observación sistemática -Exercicios e produccións dixitais, escritas ou orais na aula de informática.

			-Probas específicas
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.		Realiza modificacións na configuración do equipo só previa consulta ou instrución do profesor. Coñece distintos programas de navegación, intercambio de ficheiros, mensaxería...	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	3 semanas (setembro-outubro)	Distingue compoñentes básicos e conectores de equipos informáticos, coñece a función de cada un e as características básicas que determinan as súas prestacións. É capaz de escoller con criterio compoñentes para ordenadores persoais en base a unhas necesidades e un presuposto.	-Prácticas de montaxe-desmontaxe de compoñentes -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	3 semanas (novembro) conxuntamente co estándar 4.1.1	Clasifica as redes informáticas baseándose en distintos criterios	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	5 semanas (xaneiro-febreiro)	Manexa aplicacións ofimáticas a nivel de usuario, utilizando adecuadamente as principais opcións dos menús	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais,		Manexa con certa soltura unha folla de cálculo e utiliza distintas funcións para procesar e presentar información	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula

numéricos e gráficos.			de informática. -Probas específicas
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	1 semana (febreiro)	Utiliza as funcións básicas de consulta e modificación de información nunha base de datos	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	6 semanas (febreiro-marzo)	Elabora presentacións utilizando aplicacións ofimáticas e/ou ferramentas online, coidando a claridade e concisión e integrando distintos tipos de elementos e efectos.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.		Utiliza hardware e software para a captura, copia, edición e conversión a distintos formatos de imaxes, audio e vídeo . Manexa a nivel básico software de edición de imaxes e de audio/vídeo.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	3 semanas (xunto co estándar 2.5.1) (Novembro)	Coñece os parámetros básicos de configuración de rede, e o hardware usado habitualmente para conexións con ou sen fíos.	-Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Todo o curso 3 semanas específicas (novembro-	Aplica o aprendido respecto a seguridade informática no seu traballo cotiá na aula	-Observación sistemática

TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	decembro)	Diferencia a utilidade de cada tipo de ferramenta de seguridade informática, sendo consciente da importancia do seu uso, actualización e adaptación ó entorno de traballo	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	8 semanas (abril, maio)	Sabe usar as opcións que ofrece o sistema operativo para compartir recursos en redes locais.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.		Utiliza etiquetas HTML para a integración de textos e gráficos en páxinas web sinxelas, e coñece a existencia doutras linguaxes usadas na web como PHP e Java	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.		Utiliza etiquetas HTML e editores web “WYSIWYG” para o deseño dun sitio web no que se integre texto, gráficos e contidos audiovisuais cunha maquetación adecuada.	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.		Coñece e utiliza recursos TIC utilizados en distintas iniciativas sociais	-Observación sistemática -Exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.1. Elabora materiais		Publica sitios web de deseño propio con ferramentas que permiten	-Observación sistemática

para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.		a previsualización e adaptación a distintos navegadores /dispositivos	-E exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer,etc.	2 semanas (xuño)	É capaz de utilizar a rede para buscar e compartir información a través de plataformas diversas e acceder a distintos servizos	-Observación sistemática -E exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.		Sincroniza información entre dispositivos móbiles e ordenadores, usando medios de transmisión cableados e inalámbricos.	-Observación sistemática -E exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.		Ten en conta as precaucións básicas á hora de interactuar en redes sociais	-Observación sistemática -E exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.		Coñece e utiliza distintas técnicas de transmisión (P2P, streaming) e canles de distribución de contidos multimedia na Rede	-Observación sistemática -E exercicios e producións dixitais, escritas ou orais na aula de informática. -Probas específicas

1.4. Concrecións metodolóxicas.

Antes de abordar cada bloque temático tratará de avaliarse o nivel de coñecementos previos dos alumnos, xa que como se comentou na Introducción atopámonos con moita disparidade. Isto normalmente faise en forma de preguntas orais e a través dos primeiros exercicios realizados no ordenador. Adaptaranse as explicacións ós alumnos de nivel máis baixo, e organízase a clase de xeito que cada un poida seguir o seu propio ritmo de actividade.

Esta é unha materia eminentemente práctica e a maior parte dos contidos implican traballo no ordenador. Á hora de abordar as partes máis teóricas trataráse tamén de integrar o ordenador todo o posible, mediante actividades de procura, análise, síntese e presentación de información.

Á hora de traballar con aplicacións informáticas poderanse proporcionar materiais ós alumnos que eles terán que modificar utilizando as funcións das aplicacións ou proporse outros novos que eles terán que elaborar. Procurarase a familiarización dos alumnos cos manuais de programas e o seu uso .

As formas de traballo habituais incluirán:

- Clases expositivas
- Discusión grupal
- Traballo persoal na aula informática mediante software diverso
- Traballo persoal na casa
- Envío ao profesor ou presentación na aula do traballo elaborado

1.5. Materiais e recursos didácticos.

-Libro de texto: “Information and Communication Technologies 4º ESO”, Editorial Donostiarra, ISBN 978-84-7063-546-5

-Uso de software libre , aula virtual e/ou distintos recursos da Rede como fonte de información para a realización dos traballos

- Textos especializados (libros, revistas...) adquiridos polo centro.

-Aula de informática: Equipada con pantalla dixital e software de control dos ordenadores do alumnado por parte do profesor.

1.6 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

1.6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Como procedementos e instrumentos de avaliación, tal e como figura no cadro do punto 1.3, utilizaranse a observación sistemática do traballo do alumno e a súa actitude ante a materia, os traballos realizados ó longo do curso (dixitais, exposicións ou exercicios escritos) e probas específicas a realizar en cada avaliación. Estas probas específicas consistirán en exames teóricos escritos (que se poderán realizar en ordenador) e/ou prácticos a realizar no ordenador. Realizaráse como mínimo unha proba por trimestre.

1.6.2 Criterios de cualificación

En cada avaliación obteráse unha nota media ponderada (0-10) dos traballos realizados polo alumno durante ese trimestre, e outra nota (0-10) que será a media ponderada das probas específicas realizadas. **A nota da avaliación obtense como a media aritmética de ambas notas**, tendo en conta ademais que **ningunha das dúas notas (traballos e probas específicas) poderá ser inferior a 3,50 puntos, nin a media inferior a 5,00 para superar a materia.**

Para obter cualificación positiva en xuño o alumno debe ter cualificación positiva nas 3 avaliacións, e a nota obtense da media aritmética das tres.

Os alumnos que non teñan a materia superada realizarán unha **proba de recuperación teórico-práctica en xuño**. Nesta proba avaliaranse o conxunto dos estándares do curso, a excepción daqueles casos en que a avaliación negativa se limitase a unha das probas específicas realizadas durante o curso, ou a traballos dun só bloque de contidos, onde o alumno terá a opción de examinarse só desa parte. En calquera caso, a materia só se considerará superada se a calificación da proba de recuperación é igual ou superior a 5,00, e a **nota dos bloques recuperados nesta proba contará como 5 para a avaliación final.**

A **proba de setembro** terá tamén unha parte práctica a realizar no ordenador onde se avaliarán os estándares relacionados co manexo de programas, e unha parte escrita que poderá realizarse en papel ou en ordenador. Será única e a mesma para tódolos alumnos. Superar a materia pasa por que a calificación desta proba sexa igual ou superior a 5,00.

1.7 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

Co propósito de mellorar continuamente, consideraremos:

- En canto á planificación e ás actividades: nivel de dificultade ben axustado ou non, relevancia no proceso de aprendizaxe interés despertado, temporización realista.
- En canto ós materiais e recursos utilizados: se resultan atractivos para os alumnos e suficientes.

- Grao de participación e implicación dos alumnos na clase.
- Eficacia das medidas de atención á diversidade.
- Inclusión dos temas transversais.
- Comunicación coas familias satisfactoria.

1.8 Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Dado que a materia non existe no curso anterior non procede incluír nada neste apartado.

1.9 Deseño da avaliación inicial. Medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos resultados.

Durante todo o curso recópilase información para avaliar ó alumno en base ós estándares de aprendizaxe, que se relacionan coas competencias básicas conforme á táboa do apartado 1.1. Nas primeiras 4-5 semanas de curso previas á sesión de avaliación inicial levaranse a cabo actividades variadas na aula de informática na que se traballarán os estándares de aprendizaxe dos bloques 1 e 2. A información relevante deducida desas actividades en relación ás competencias será recollida por escrito para cada alumno e posta en común na devandita sesión.

Como consecuencia da información recollida axustarase a metodoloxía e a temporización.

1.10 Medidas de atención á diversidade.

Como xa se comentou no punto 1.4, o carácter práctico da materia, baseada na súa maior parte no traballo no ordenador, facilita a adaptación a niveis e ritmos de aprendizaxe distintos.

As actividades para desenvolver cada un dos estándares de aprendizaxe serán variadas, terán dificultade crecente e partirán sempre dun nivel básico, de xeito que os alumnos con maiores niveis competenciais poidan ampliar e profundizar mentres que os de menor nivel acadan o mínimo.

Aínda que o ideal é un alumno por ordenador, determinadas actividades pódense realizar en grupo de xeito cooperativo se se considera conveniente.

1.11 Concreción dos elementos transversais.

A comprensión lectora traballarase de xeito continuo na aula, a través da procura activa de información na Rede, ademais dos textos relacionados coa materia que se traballarán como participación no Proxecto Lector do Centro. A expresión oral y escrita, así como a comunicación audiovisual, estarán presentes na elaboración de presentacións e producións audiovisuais. Lóxicamente o uso das TIC constitúe o núcleo central da materia, e o seu uso en particular como ferramenta útil para o emprendemento trátase no tema de comercio electrónico e no deseño e publicación de materiais para a web.

Os valores constitucionais e cívicos básicos teranse en conta en todo momento tanto na organización

e desenvolvemento das clases, coidando a igualdade e o respecto ás diferenzas, como na supervisión dos materiais elaborados polos alumnos.

1.12 Actividades complementarias e extraescolares.

No momento de realizar esta programación non consideramos axeitado programar actividades deste tipo debido á situación de pandemia, dependendo da evolución ao longo do curso poderemos plantexar algunha.

1.13 Proxecto Plurilingüe

Conforme ao Proxecto Plurilingüe do centro, a materia TIC comezou a impartirse en inglés a a partir do pasado curso 18-19, polo que incorporamos un libro de texto nesta lingua, na que estarán tamén resto de materiais e recursos empregados.

1.14 Medidas a tomar no caso de interrupción das clases presenciais

A principio de curso formarase aos alumnos no uso das plataformas virtuais e realizarán actividades para habituarse a elas. Practicarase a dinámica de traballo con ditas plataformas que se utilizaría no caso de suspensión do ensino presencial.

As probas escritas realizaríanse online en caso de necesidade.

2. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Avaliaranse:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

3. Información ao alumnado

No calendario escolar establécese que *“Ao inicio de curso, o profesor ou profesora responsable de cada departamento, da coordinación de ciclo na educación infantil e o titor ou titora de curso elaborará a información básica relativa á programación didáctica, que dará a coñecer á comunidade educativa seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade. Así mesmo, o profesorado informará o alumnado das programacións didácticas da súa área ou materia. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación do ciclo ou curso correspondente e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e o seu grao mínimo de consecución para superar a materia.”*

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos, ao conxunto da comunidade educativa, e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

3. Preséntase un modelo estandarizado de información da materia na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia. Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.